


OBRIGAS

**TRANSPORTE AMIGABLE PARA
CANS DE ATA 40 KG**



OBRIGAS

- As mascotas están sempre baixo **o control da persoa que as porte** en todas as fases previas da viaxe, durante a viaxe e posteriores a esta ata abandonar a estación.
- O propietario do can será responsable dos danos que poida causar a terceiros, ao material ferroviario ou ás instalacións durante a viaxe.
- O viaxeiro debe levar consigo **a cartilla de vacinación ou o pasaporte de animais**, así como asegurar que **todos os certificados de identificación (microchip) e vacinación estean ao día**.
- A persoa que viaxa debe acreditarse como maior de idade.
- O cliente debe levar un kit de limpeza para calquera incidente coa súa mascota (empapador, bolsas, toallíñas hixiénicas e spray desinfectante e antiolor).
- O propietario débese ocupar de que o comportamento do seu can sexa correcto en todo momento, para evitar que outros pasaxeiros poidan sentirse molestos ou danar o tren.
- O can debe permanecer suxeito cunha correa non extensible de ata 1,5 metros de lonxitude máxima e cun bozo na estación.
- A bordo do tren, a mascota debe estar atada ao asento ou ao repousa-pés dianteiro e levar bozo para o embarque e desembarque, e ata que o tren peche as portas e inicie a marcha. Durante a viaxe, o bozo só se levará posto se o propietario/titor o considera necesario.
- O can debe permanecer no lugar asignado en todo momento ata chegar ao seu destino final.
- A mascota pode ocupar tanto o chan como o asento da ventá, sempre que a funda protectora e a alfombra (entregadas por Renfe) fosen correctamente colocadas polo seu dono/a no lugar que corresponde, agás nos trens AVANT e MD, nos que debe viaxar no chan.
- A bordo do tren, o dono non pode ausentarse do seu asento deixando só ao seu can. Se tivese que facelo para ir ao aseo, atarao ao repousapés do asento dianteiro ou ao asento interior da ventá. En caso extremo, pode levalo consigo ao aseo.
- Non se permite viaxar cunha cadela en celo, cun can de menos de 1 ano nin cun can de raza potencialmente perigosa.

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS E RECOMENDACIÓNS

VIAXE AMIGABLE PARA CANS DE ATA 40 KG



GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS

- Recoméndase bañar o can o día anterior á viaxe para evitar olores.
- Aconséllase levar unha manta da mascota e o seu xoguete favorito, evitando aqueles que emitan sons ou sexan ruidosos.
- Antes de acceder á estación, recoméndase pasear co can para que este poida facer as súas necesidades antes de subir ao tren.
- Recoméndase que a mascota teña feito suficiente exercicio físico antes da viaxe para axudar a que estea relaxada durante o traxecto.
- **Débase evitar alimentar o animal durante as 3 horas previas á viaxe** para axudar a evitar mareos, vómitos ou que faga as súas necesidades a bordo.
- Só se é necesario pódese darlle unha larpeirada ou un pouco de auga.
- Na estación, desaconséllase usar as escaleiras e ramplas mecánicas e recoméndase o uso dos ascensores ou das escaleiras fixas.
- Para subir a bordo ou baixar do tren, o/a dono/a debe axudar á súa mascota a subir sen temor e o can debe levar o bozo nese momento.
- No caso de que a mascota faga algunha das súas necesidades, o dono deberá proceder á súa retirada e limpeza inmediata. O/a dono/a debe levar o kit de limpeza do can e comporase como mínimo de compresa absorbente, toallíñas limpadoras, bolsas para feces e un pulverizador desinfectante e repelente de olores.
- Se fose necesario e estivese dispoñible, o viaxeiro pode empregar o kit de limpeza adicional a bordo proporcionado por Renfe nos trens AVE, Alvia, Euromed, Avlo e Intercity.
- Recoméndase acudir días antes da viaxe ao veterinario para que este lle faga un recoñecemento completo. Ademais de comprobar que o seu estado de saúde é correcto, tamén certificará que o seu calendario de vacinas está ao día, o seu peso e se adecúa ás esixencias do destino escollido. A visita tamén axudará a protexelo ante a presenza de posibles parasitos externos e internos. Se o can está enfermo, presenta vómitos ou diarreas, non debe viaxar.
- É importante que o/a dono/a da mascota lle axude a viaxar relaxada e tranquila.

Unha vez observadas estas recomendacións só nos queda desexarlles á mascota e ao seu compañeiro, unha feliz viaxe xunto co resto de pasaxeiros do tren!



LEMBRA

Rutas disponibles

Deberías comprobar na páxina web de Renfe se o teu tren ten a opción de viaxar con cans de ata 40 kg; aparecerá un pequeno cartel  que o indicará.

Compra de billetes

- Selecciona a tarifa:
 - o Escolle Estándar para AVE, Alvia, Euromed e Intercity.
 - o Básica Avlo.
 - o Tarifa de ida ou de ida e volta para Avant e MD.
- Compra a túa praza e engade o complemento para can de ata 40 kg: 40 € para AVE, Alvia, Euromed, Avlo e Intercity, e tarifa xeral para Avant e MD.
- As prazas asígnanse automaticamente e están situadas nun único coche.
- Podes mercar o billete ata 24 horas antes da viaxe.

Documentación obrigatoria

Deberás presentar a cartilla de vacinación ou o pasaporte para animais do can.

Equipamento obrigatorio

Debes levar contigo:

- Kit de limpeza (compresa absorbente, toallíñas húmidas, bolsas para feces e spray desinfectante e antiolor).

Renfe proporcionarache un kit de viaxe gratuíto, agás nos trens MD, que inclúe:

- Alfombrilla para colocar no chan na praza xunto á ventá.
- Funda para o asento.

Recomendacións para a viaxe

- Leva un xoguete silencioso ou unha manta para que o can viaxe máis cómodo.
- O can debe ir atado ao asento ou ao repousapés, e con bozo durante o embarque e desembarque (durante o traxecto só se é necesario).
- Pasea o can antes de subir ao tren.
- Non lle deas de comer 3 horas antes da viaxe.

Responsabilidade

Tes responsabilidade do benestar do teu can, da limpeza do seu contorno e de manter un ambiente tranquilo e seguro para todos os viaxeiros.

Sen a documentación e os elementos indicados anteriormente, non poderá viaxar.